

PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE

O Concello de Ribeira de Piquín inicia a redacción do seu Plan de Mobilidade Sostible, unha ferramenta de planificación estratéxica do territorio coa que implantar formas de desprazamentos máis sostibles e mellorar a accesibilidade. Namentras o equipo redactor comeza a avaliar a calidade do espazo público e localizar aqueles puntos sobre os que actuar

o Concello lanza unha enquisa veciñal para facilitar a participación da cidadanía no proceso, coñecendo así as súas demandas, propostas e hábitos de mobilidade.

O cuestionario online, que é de carácter anónimo, poderá cubrirse ata o 10 de outubro de 2021:

<http://plandemobilidade.com/ribeiradepiquin/>

Esta consulta sumarase ás entrevistas con axentes chave que se porán en marcha, e complementariamente, a veciñanza tamén poderá enviar suxestións ao enderezo electrónico:

ribeiradepiquin@plandemobilidade.com

Non o dubides, e súmate ao Plan de Mobilidade, a túa participación é clave!